Glosario

BEN COMÚN
Como o seu propio nome indica, o que é útil e beneficioso para todos e todas. Non é a suma dos intereses individuais, non se obtén como media estatística nin por confrontación de grupos de poder. Non se pode confundir co interese coincidente, porque a súa esencia é relacional. "O ben común está representado pola existencia do outro" (Petrella). Un dos seus trazos esenciais é que non produce damnificados, exclusións nin "danos colaterais".

CIDADANÍA
"Condición de quen é o seu propio señor, xunto aos seus iguais" (Cortina). As súas bases son liberdade, igualdade e responsabilidade.
En tempos pasados, a cidadanía correspondía a un territorio político (país, nación) delimitado por fronteiras. Nun mundo globalizado e interdependente, a cidadanía, que se constrúe en común, debe ser global.

DEMOCRACIA
Etimoloxicamente, "goberno do pobo". Referido aos sistemas políticos, son considerados democráticos os que contan con separación de poderes (lexislativo, executivo e xudicial), mais pode dicirse que a democracia aínda non se alcanzou en ningún lugar. É un proceso que, para ser efectivo, se constrúe coa contribución de todas as persoas e grupos, en liberdade e igualdade. Non é un mecanismo de elección, nin un conxunto de ritos; é unha forma de convivir e organizarse que esixe unha ética democrática, incompatíbel coa apatía e o individualismo, a competitividade e o dominio.

DEREITOS HUMANOS
Son os dereitos fundamentais que as persoas posúen polo feito mesmo de selo, pola súa propia natureza e dignidade. Non nacen de calquera concesión política, mais deben ser garantidos polos poderes públicos. Aínda que se lles poden encontrar raíces fondas e afastadas no tempo (Código de Hamurabi en 1690 a.C.), as primeiras referencias para a comprensión actual dos DD.HH. son a Declaración de Dereitos do Bo Pobo de Virxinia (EUA, 1776) e a Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán (Francia, 1789). Toda esa tradición cristaliza na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, proclamada pola ONU en 1948. Os dereitos –como a liberdade– son indivisíbeis. "A dignidade humana plena significa non só a liberdade de non ser sometido a torturas, senón tamén a liberdade de non morrer de fame" (Boutros Ghali).

FORO
Na antiga Roma, praza onde se trataban os asuntos públicos. A partir de aí, e por extensión, lugar –literal ou figurado– en que se debaten asuntos de interese compartido, espazo participativo e democrático. Internet, o foro máis coñecido actualmente, constitúe un espazo, non por virtual menos efectivo, de comunicación entre iguais. A cidade brasileira de Porto Alegre tornouse mundialmente coñecida porque foi a sede do I Foro Social Mundial (2001), punto de encontro, espazo anual de diálogo e procura do movemento por unha globalización diferente, cuxo lema e convencemento é que "Un outro mundo é posíbel".

XUSTIZA
Situación en que cada persoa ten o que lle corresponde. Nunha concepción de radical igualdade dos seres humanos, a toda persoa corresponde o acceso real e efectivo a todo aquilo que lle garante unha vida digna de ser chamada humana, en todos os terreos: bens materiais, gozo dos bens da humanidade (educación, avances tecnolóxicos, saúde, cultura, lecer) e condicións que garantan o poder de decidir sobre si e de participar nos asuntos colectivos.

PARTICIPAR
Ser parte dun todo. Con relación a unha cousa, algo que contribúe para a constituír, e sen o cal esa cousa non é completa, o que significa que ninguén sobra e que as exclusións empobrecen o conxunto. Garantir unha participación real (libre e igualitaria) esixe métodos, canais e aprendizaxes.

SOBERANÍA
Calidade do soberano, que é "quen exerce a autoridade suprema". A partir da Revolución Francesa, o soberano xa non é o rei, senón o pobo. Isto é, no hai poder lexítimo superior á cidadanía.